

Bos días a todos e todas!

Xa levamos dúas semanas de confinamento e seguramente se está facendo duro para moitos de vós. Pero nestes momentos non hai que baixar a garda, esperemos que este gran esforzo colectivo pronto dea resultados positivos.

Despóis de este merecido descanso durante estas pequenas vacacións retomamos as nosas actividades de lingua galega.

Moito ánimo, xa queda menos!

MATERIAIS DE TRABALLO

Adica 15 minutos diarios á lectura dun libro en lingua galega que teñas na casa.

1. Le o texto cunha pronunciación, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

Unha pantasma na cama

Cando os ollos lle empezaron a faiscar, coma unha lámpada frouxa, saíu da cama para ir baleirar a vexiga por última vez.

Cando volveu ao cuarto e viu o que pasara, quedou coa boca aberta. Tiña a cama toda desfeita. O conto e a manta estaban no chan e diante dela erguíase a saba que lle regalara o avó.

Aguantábase soa, coma se estivese amidonada. Na parte de arriba, dous furados da medida das moedas dun euro brillaban intensamente, coma dous soles na noite.

A saba, cando viu a rapaza diante dela, pediu:

–Chiss! Non digas nada, por favor.

Uxía pechou os ollos e beliscou as fazulas, porque pensaba que estaba dentro dun soño. Cando os volveu abrir, a estraña presenza branca continuaba impondo coa súa figura no medio do cuarto.

Uxía saíu e volveu andar cara ao lavabo. Lavou a cara, convencida de que estaba a soñar. Ao saír, atopou a súa nai no corredor:


–E logo tópaste mal, filla? –preguntoulle.

–Non, pero é que volvía ter pis –mentiu.

–Claro, bebiches tanto!

Acariñoulle os cabelos e engadiu:

–Veña, para a cama, que mañá non ha de haber quen te erga.



Cando volveu ao dormitorio, todo continuaba coma antes: a cama desfeita, o seu libro no chan e a saba ergueita diante dela, estirada coma un pau e cos dous furados brillantes.

Uxía ousou preguntar:

–Estou soñando, non si?

A saba moveuse amodiño e respondeu:

–Non, non soñas. Sonche unha pantasma.

Uxía, cando oíu esa palabra, colleu o seu osiño e colocouno diante, coma se fose un escudo que a fose protexer do ataque dun inimigo.

–Unha que? –preguntou cun fío de voz máis fino ca un espaguete.

–Unha pantasma –repetiu a saba.

2. Marca a oración que resume mellor o sentido xeral do texto.

- Unha rapaza ten un soño sobre
- pantasmas. Uxía ten moita sede
- e fai pis moitas veces. A saba de Uxía toma vida e di que é unha pantasma.
- É a historia dunha rapaza que lle di mentiras á nai.



3. Relaciona o inicio e o final de cada comparación da lectura.

- | | |
|------------------------------------|-------------------------------|
| A Uxía, os ollos faiscábanlle • | • coma se fos un escudo. |
| A saba aguantábase soa • | • máis fino ca un espaguete. |
| Os furados da saba brillaban • | • coma dous soles na noite. |
| A saba estaba ergueita, estirada • | • coma unha lámpada frouxa. |
| Uxía colocou o osiño diante • | • coma se estivese amidonada. |
| Uxía preguntou cun fío de voz • | • coma un pau. |

4. Responde. Que accións fai Uxía para comprobar se estaba a soñar?

5. Ordena os feitos da narración.

- Ao saír do lavabo por segunda vez, atopa a nai no corredor. ____
- De novo no cuarto, a presenza confírmalle que é unha pantasma. ____
- A Uxía faiscábanlle os ollos porque lle dá o sono. ____
- A rapaza vai ao lavabo lavar a cara, convencida de que está a soñar. ____
- Cando volve ao cuarto, atopa unha presenza misteriosa. ____
- Uxía vai facer pis antes de durmir. ____

6. Describe, con palabras túas, como é a pantasma.

7. Completa as seguintes oracións.

- A nai di que Uxía ten pis porque

- A saba pide por favor que

- A saba fora un regalo

- Antes de durmir e de ir ao lavabo, Uxía estaba

Enlaces aos dicionarios en rede:

DICIONARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA

<https://academia.gal/diccionario>

DICIONARIO DA XUNTA DE GALICIA

<https://digalego.xunta.gal>